

**V CONCURSO DE TRABALLOS POR PROXECTOS
MODALIDADE 2: TRABALLOS DE CICLO 5º E 6º**

**PROXECTO:
“CÍES: O NOSO PATRIMONIO”**

CEIP FRIAN - TEIS (VIGO)
XULIO 2018

1. INTRODUCCIÓN

a. Xustificación

O proxecto que imos a explicar ó longo deste documento titúlase “Cíes, o noso patrimonio” , é un proxecto que parte da área de naturais e que xurde dunha nova actual lida nos xornais, a Xunta presenta a candidatura para que a Unesco declare as Illas Atlánticas como Patrimonio da Humanidade. Como as Illas Cíes pertencen a nosa cidade e partimos dunha metodoloxía experimental no noso entorno de aprendizaxe, centrámonos en buscar información para argumentar á Unesco esa proposta de “ Cíes, patrimonio da Humanidade, xa..”

Neste proxecto creamos actividades de aprendizaxe integradas en torno ao área de ciencias naturais, implementando as áreas de lingua castellana, lingua galega, educación artística e os Plans Proxecta “MeteoEscolas” e “Máis e mellor actividade física”. Participa o alumnado das aulas Abalar- Edixgal de 5º e 6º, cun total de 70 alumnas e alumnos, cun mesmo obxectivo, xustificar a candidatura das illas, e rematando o proxecto con dúas tarefas diferentes entre 5º e 6º pero complementarias.

b. Planificación dos contidos curriculares, criterios e estándares de avaliación e competencias clave a desenvolver a través do proxecto

No seguinte enlace dispoñemos da concreción curricular completa deste proxecto:

<https://docs.google.com/document/d/13cepRYUT4UHiQj5li7togRN21rNZ4qrECaK9YKXlYbE/edit?usp=sharing>



Para planificar os contidos curriculares partimos:

- Das áreas de ciencias naturais, lingua, lingua e artística.
- Como no centro temos o Plan Proxecta "Máis e mellor actividade física", o alumnado de 5º e 6º realizan actividades co profesor de Educación Física pero traballando os contidos de ciencias naturais e sociais.
- Ademais somos aulas Abalar - Edixgal, polo que dispoñemos de ferramentas e libros dixitais á hora de planificar a programación do proxecto.
- Tamén contamos co Plan Proxecta "MeteoEscolas" , no que elaboramos un informativo semanal do tempo, que incluímos nas tarefas do proxecto.
- E para finalizar cos parámetros da nosa planificación contamos coa Biblioteca do centro como eixe xerador de organización, búsqueda de información e apoio á aprendizaxe do alumnado.

c. Calendario para as tarefas previstas

Durante este curso escolar realizamos sete proxectos, catro proxectos cos contidos xeradores de ciencias sociais e tres de ciencias naturais. O proxecto que presentamos levámolo a cabo no terceiro trimestre, nos meses de abril e maio. A secuenciación do calendario do proxecto inclúe:

- Fase de motivación para introducir o proxecto.
- Presentación da situación a resolver.
- Recollida das ideas previas do alumnado.
- Concreción da tarefa a realizar.
- Búsqueda de información para atopar solucións.
- Búsqueda de recursos bibliográficos na biblioteca e reunión co equipo de biblioteca para organizar actividades.
- Organización da información.
- Reparto de funcións nos equipos para facer as tarefas.

d. Alumnado e profesorado participante

Neste proxecto participan as aulas Abalar - Edixgal do colexio, que son 5º e 6º, un total de 70 alumnos e alumnas, organizados en catro titorías. En canto ao profesorado implicado:

- Equipo biblioteca.
- 2 titoras de 5º (coordinadora TIC).
- 1 titor e unha titora de 6º (coordinadora proxecta “MeteoEscolas”).
- Profesor de Educación Física, coordinador do proxecta “Máis e mellor actividade física”

e. Organización para a realización do proxecto

Para organizar o proxecto partimos dunha ferramenta dixital feita polos catro titores e titoras. Esta ferramenta chamada “genially” é unha folla de ruta que o alumnado debe seguir para a realización do traballo. Os mestres incrustamos estes “genially” nos libros dixitais do alumnado. Realizamos un para 5º e outro para 6º porque a temática é a mesma pero con distinta tarefa final. Antes de facer visible nos portátiles do alumnado esta ferramenta, durante uns días antes do inicio do proxecto, a modo de motivación mostramos na pizarra dixital das aulas a portada do “genially”. Nesta primeira páxina aparecía o texto:



O alumnado estivo durante días intrigado por saber de que final se trataba. Despois continuamos co traballo do proxecto seguindo cada páxina do genially.

2. OBXECTO OU TEMÁTICA DA INVESTIGACIÓN

A temática obxecto da investigación abarca o *Bloque 3. Os seres vivos* da área de Ciencias da Natureza do currículo de 5º e 6º . Necesitamos xustificar á UNESCO por que as Illas Cíes teñen que ser Patrimonio da Humanidade. Polo tanto tivemos que estudar que é un patrimonio da humanidade e as condicións que esixe a UNESCO para a súa declaración. Investigamos os espazos protexidos e os distintos tipos de ecosistemas. A partir de aquí, centrámonos nos ecosistemas das Illas Cíes. Cada equipo investigou unha das clasificacións dos animais. Na área de lingua traballamos os textos argumentativos e en lingua fixemos esquemas e descrições. En plástica , cada equipo encargouse de elaborar as especies de animais obxecto do seu estudio. Entre todos pintaron un mural das Illas Cíes que foi utilizado despois para a elaboración da tarefa.

3. DESEÑO E ELABORACIÓN DA PROPOSTA

1.-Motivación:



Creamos intriga no alumnado

2.-Presentación da situación a resolver:



Clicando nas iconas despréganse distintas actividades que teñen que realizar en equipo. Na lupa do nº 1 aparece unha ventana para que investiguen o que é un parque nacional:

Investiga que é un Parque Nacional. Busca información no APARTADO 6 DO TEMA 3 "UN PLANETA CHEO DE VIDA"

- ★ Definir que son os Espazos protexidos
- ★ Facer un esquema dos tipos de espazos protexidos.
- ★ Poñer exemplos de espazos protexidos .
- ★ Buscar información de por que as Illas Cíes pertence ao Parque Nacional das Illas Atlánticas.

PARQUES NATURAIS PROTEXIDOS EN ESPAÑA

Clicando na lupa do nº 2 aparece unha etiqueta para buscar:

- ★ Investiga o nome da Mellor Praia do mundo, según o periódico británico The Guardian.

Nas iconas de cores do nº 3 aparecen tres enlaces sobre os Patrimonios da Humanidade e os Espazos Protexidos declarados en España e Galicia.

- <https://www.greenteach.es/islas-cies-candidatura-patrimonio-de-la-humanidad-unesco/>
- <https://www.youtube.com/watch?v=qrxOa3HS24o>
- https://es.wikipedia.org/wiki/Anexo:Espacios_naturales_protegidos_de_Espa%C3%B1a

3.-Tarefa a realizar

As ILLAS CÍES son o paraíso natural de Vigo, pero queremos compartir este paraíso con todas as persoas do mundo

ILLAS CÍES, O NOSO PATRIMONIO

Para que a UNESCO recoñeza ás ILLAS CÍES como PATRIMONIO NATURAL DA HUMANIDADE ten que cumprir unhas condicións.

Axúdanos a convencer á UNESCO de que nas ILLAS CÍES temos un ECOSISTEMA ESPECIAL E ÚNICO, así como unha PAISAXE ESPECTACULAR

Temos que conseguir demostrar que Cíes ten un ECOSISTEMA especial

Visionando os seguintes vídeos, completa o traballo sobre os ecosistemas

TIPOS DE ECOSISTEMAS

La Eduteca - Los ecosist...
LAS COSTAS
VÍDEO EDUCATIVO - E...

A tarefa a realizar é argumentar á UNESCO de que cumprimos as condicións para converternos en Patrimonio da Humanidade:

- Na primeira páxina do genially aparece un enlace con información sobre a UNESCO. Para coñecer este organismo internacional e as condicións que temos que cumprir: <https://es.unesco.org/about-us/introducing-unesco>
- Unha das condicións que temos que argumentar é que dispoñemos dun Ecosistema especial. Polo tanto na segunda páxina tivemos que realizar outra actividade:

Axúdate do visionado dos vídeos e do tema do eva:

INVESTIGA OS ECOSISTEMAS

- A TERRA COMO ECOSISTEMA GLOBAL---APARTADO 2 DO TEMA3
- NIVEIS DE ORGANIZACIÓN DOS SERES VIVOS NO ECOSISTEMA---APARTADO 3 DO TEMA 3

individuo > especie > poboación > comunidade + medio físico >ECOSISTEMA

- COMPOÑENTES DOS ECOSISTEMAS---APARTADO 3 DO TEMA 3

- MEDIO FÍSICO= BIOTOPO
- HÁBITAT
- SERES VIVOS= BIOCENOSE
- RELACIÓNS = CADEAS ALIMENTICIAS

- TIPOS DE ECOSISTEMAS ---APARTADO 5 DO TEMA 3

- BOSQUE
- LITORAL
- LAGO
- PRADARÍA
- CIDADE

FAI UN ESQUEMA DOS TIPOS DE ECOSISTEMAS

ELABORA EN EQUIPO UN ECOSISTEMA

A tarefa estivo clara dende o principio, pero tivemos que decidir que ferramenta ou recurso utilizaríamos para levala a cabo. Fixemos unha votación entre o alumnado e decidimos utilizar a ferramenta dixital “stop motion” sobre a fauna das Cíes en 6º e un informativo especial do noso “Orballando novas” promocionando o “ microclima” específico das illas, en 5º.

4.-Búsqueda de información

Coa tarefa xa definida, cada equipo empezou a buscar información, na seguinte páxina do genially en cada unha da icona aparece a actividade que teñen que realizar:

- Información sobre a FLORA do Parque Atlántico:
https://www.parquenacionalillasatlanticas.com/documentos/flora_pnmtiag09.pdf
- Información sobre a flora e a fauna de Illas Cíes:
<https://islascieselparaiso.wordpress.com/2014/01/14/la-naturaleza-del-paraiso-flora-y-fauna-de-islas-cies/>
- Información sobre a flora e a fauna das Illas Cíes:
http://www.parquenacionalillasatlanticas.com/index.php?option=com_content&view=article&id=169&Itemid=605&lang=e



5.-O equipo de biblioteca organizou dúas charlas no colexio:



Nestas charlas aprendimos a tomar notas a partir dunha conferencia e despois elaboramos textos argumentativos a partir delas.

6.-Reparto por equipos a fauna a investigar

Cada equipo tivo que facer unha ficha para cada animal elixido explicando as súas características e tamén os debuxaron para a elaboración do “stop motion”

7.-Elaboración do stop motion polo alumnado

En plástica elaboramos o mural das illas de fondo e foto a foto e movemento a movemento das figuras dos animais realizaron co ipad 650 fotografías. Despois eliminaron as que estaban movidas e editaron o stop motion.

8.-Visita ás Illas Cíes

Como non podía ser de outro xeito fixemos unha visita guiada ás illas. Todo o que investigamos sobre o ecosistema e o clima, vivímolos nun día especial e acompañados por Gerardo Fernández, coñecedor inigualable das illas . Levamos os ipad, cámaras de fotos e estivemos gravando tanto vídeos para a tarefa de 6º como o informativo especial do tempo “Orballando novas”.

9.-Edición das tarefas

Con todo este material, só faltaba montalo en un editor de vídeo, poñerlle texto e música. O resultado quedou así:

★ Tarefa 5º

Informativo especial Cíes “Orballando novas”

<https://www.youtube.com/watch?v=0qh-rBIJxpk>

Outras actividades realizadas:

<https://view.genial.ly/5af340885f713065e7f7b25f/actividades-illas-cies>

★ Tarefa 6º

Vídeo da promoción da candidatura das Illas Cíes como Patrimonio da Humanidade

<https://www.youtube.com/watch?v=RjxKsRd5srs>

4.-DOCUMENTACIÓN ELABORADA POLO PROFESORADO

O profesorado elaborou as rutas de traballo para os dous niveis:

- 6º: <https://view.genial.ly/5abe524cf3a2973e058f0554/illas-cies-o-noso-patrimonio>
- 5º: <https://view.genial.ly/5aca46982fc1330d9b654702/islas-cies>

5.-RECURSOS

- Técnicos para a realización dos vídeos: ordenadores pessoais, cámara de fotos, ipads.
- Software necesario para as distintas montaxes multimedia.
- Material escolar.
- Fondos seleccionados da nosa biblioteca

6.-IMPLICACIÓN DA COMUNIDADE EDUCATIVA

A comunidade educativa sempre está dispoñible para todo aquilo que precisamos. nesta ocasión a biblioteca buscou entre a comunidade educativa se alguén podía aportarnos información sobre as illas. Dous familiares de alumnado de 6º organizaron sendas charlas sobre fauna e flora das Cíes. Con gran esforzo de apoio de toda a comunidade conseguimos realizar a viaxe as illas a onde fomos acompañados dun familiar que é guía do parque marítimo terrestres da Illas Atlánticas.

Unha vez máis atopamos na comunidade educativa un fonte de coñecemento inesgotable. Tamén a nosa Comunidade Educativa é a encargada de visionar as nosas producións unha vez colgadas na nosa web

7.-DIFUSIÓN DOS TRABALLOS

O informativo do tempo o temos aloxado na rede social Youtube nun canal chamado “Orballando novas”, a súa vez o publicamos na web do noso colexio no bloque proxecta en MeteoEscolas. O vídeo de promoción das illas está publicado na web do cole.

8.-AVALIACIÓN

- Autoavaliación e coavaliación continúa o longo do proceso.
- Heteroavaliación o longo do proceso.
- Avaliación despois do visionado en tres fases: individual, en pequeno grupo e o grupo aula(o final do proceso).
- Empregaremos, observación directa, listas de cotexo e rúbricas.
- Exemplo de rúbrica para avaliar os produtos multimedia.

https://docs.google.com/document/d/1Vs4_XTEWI1NYmxV4ubh8-mps6-QidZKqhPU3YkHiNuk/edit?usp=sharing

9.-FUNCIÓN E PARTICIPACIÓN DA BIBLIOTECA AO LONGO DO PROCESO.

- A Biblioteca do centro foi o eixe xerador para a realización do proxecto.
- Encargouse de buscar os poñentes para as charlas:
 - Gerardo Fernández, *A fauna nas Illas Cíes*.
 - Jonatan García, *A flora nas illas*.
- Aportou recursos bibliográficos para empréstito de aulas.
- Selección de fondos relacionados coa temática para empréstito individual.
- Empréstito dos ipads para as gravacións.

10.-PROPOSTAS DE MELLORA

- Implementar máis áreas nos proxectos.
- Mellorar a autonomía dos grupos cooperativos de traballo.